


# Moodle 3.3

Manual para o profesorado editor de cursos

## 1. Aspectos xerais de Moodle Perfil de usuario

Desde o menú de usuario pódese acceder ao *Perfil* persoal, con información referente ao mesmo e ás súas *Preferencias*, para consultar ou editar os seus axustes.



*Acceso ao perfil persoal e preferencias*

### Perfil

Presenta información xeral e pública do usuario. Tamén se pode acceder ao perfil de calquera usuario desde a lista de *Participantes* dun curso.

Profesor Pruebas


Área personal / Perfil

Restablecer página a por defecto Personalizar esta página

**Detalles de usuario** [Editar perfil](#)

**Pais**  
España

**Insignias**  
Insignias de Moodle GATE:

  
Novato en Moodle

**Miscelánea**  
[Mensajes en foros](#)  
[Debates en foros](#)

**Informes**  
[Sesiones del navegador](#)  
[Resumen de calificaciones](#)

**Actividad de usuario**  
**Primer acceso al sitio**  
viernes, 17 de abril de 2015, 14:05 (3 años 30 días)  
**Último acceso al sitio**  
miércoles, 16 de mayo de 2018, 16:26 (36 segundos)

**Detalles del Curso**  
**Perfiles de curso**  
[Curso Mayo](#)  
[Evaluación Continua](#)

*Vista do perfil persoal xeral*

En concreto, dentro dun curso, o perfil mostra:

- **“Detalles de usuario”**. Datos persoais, como o seu país e a súa cidade.
- **“Detalles do curso”**. Listaxe de cursos aos que ten acceso.
- **“Miscelánea”**. Este cadro permite facer diversas consultas:
- **“Informes”**. Sesións do navegador abertas e Vista xeral de cualificacións. Se se está dentro dun curso, ao profesor tamén se lle ofrece acceso a outros informes do mesmo: Registros de hoxe, Todos os rexistros, Esquema de informe e Informe completo, etc.
- **“Actividade de acceso”**. Primeiro e último acceso ao curso no que se está.

Toda esta información pertencente ao usuario, excepto os informes e o primeiro acceso, é vista polos outros participantes dun curso.

Profesor Pruebas

**Detalles de usuario** [Editar perfil](#)

**Dirección de correo**  
[profprof@gate.es](mailto:profprof@gate.es)

**Pais**  
España

**Detalles del Curso**  
**Perfiles de curso**  
[Curso Mayo](#)  
[Evaluación Continua](#)  
[Prueba](#)  
[Asignatura de ejemplo copia 5](#)  
[Asignatura de ejemplo copia 4](#)  
[Asignatura de ejemplo copia 3](#)  
[Asignatura de ejemplo copia 2](#)  
[Asignatura de ejemplo copia 1](#)  
[Asignatura de ejemplo copia 27](#)

**Miscelánea**  
[Perfil completo](#)  
[Mensajes en foros](#)  
[Debates en foros](#)

**Informes**  
[Registros de hoy](#)  
[Todas las entradas](#)  
[Diagrama de informe](#)  
[Informe completo](#)  
[Sesiones del navegador](#)  
[Resumen de calificaciones](#)  
[Calificación](#)

**Actividad de usuario**  
**Último acceso al curso**  
miércoles, 16 de mayo de 2018, 16:33 (ahora)

*Vista do perfil propio dentro dun curso*

## Preferencias

Comprenden diversos axustes relacionados co usuario e a súa forma de traballar en Moodle.



Agrúpanse en apartados, cada un con acceso a distintas opcións.

- **Conta de usuario.** Permite cambiar datos relacionados co usuario.
  - *Editar perfil.* Permite modificar parte dos datos do perfil do usuario. Algúns poden estar bloqueados.
  - *Cambiar contrasinal.*
  - *Idioma preferido.* Define o idioma no que o usuario visualiza a contorna.
  - *Preferencias do foro.* Permite determinar o tipo de resumo, de subscripción e de rastrexo para os foros.

Preferencias do foro

- *Preferencias do editor.* Define o editor de texto por defecto.
- *Preferencias do curso.* Permite desactivar o selector de actividades que aparece cando se engade un recurso ou actividade nun curso.
- *Preferencias do calendario.* Define axustes relacionados coa forma de ver o calendario e os eventos próximos.

Preferencias do calendario

- *Preferencias do Mensaxe.* Configura o envío de correos electrónicos ao usuario cando este recibe novas Mensaxes en función de se está ou non conectado no momento do envío.
- *Preferencias de notificación.* Configura a forma na que é informado o usuario ante os eventos que poden producirse.

	Correo	Notificación emerxente
Tarefa	Conectado Non conectado	Conectado Non conectado
Notificación de tarefas	Activ Activ	Desactiv Desactiv
Comentarios	Conectado Non conectado	Conectado Non conectado
Notificacións de comentarios	Activ Activ	Desactiv Desactiv
Recordatorio de comentario	Activ Activ	Desactiv Desactiv
Foro	Conectado Non conectado	Conectado Non conectado
Comentarios de foros subscritos	Activ Activ	Desactiv Desactiv
Resumos de foros subscritos	Activ Activ	Desactiv Desactiv
Lección	Conectado Non conectado	Conectado Non conectado

Preferencias de notificación

- **Roles.** O usuario pode acceder aos roles nos diversos cursos.
  - *Tarefas de rol deste usuario.* Dá acceso aos roles do usuario nos diferentes cursos e a posibilidade de modificar os roles.
  - *Permisos.* Información acerca dos permisos asociados ao rol do usuario.
  - *Comprobar permisos.* Pódese seleccionar un usuario e comprobar os permisos dos que dispón.
- **Blogs.** Diversos axustes nos blogs do usuario.
  - *Preferencias do blog.* Pódese establecer o número de artigos do blog por páxina.
  - *Blogs externos.*
  - *Rexistrar un blog externo.* Asociar un blog dun medio externo.
- **Insignias.** Permite configurar os seguintes axustes:
  - *Xestionar insignias.* Mostra as insignias obtidas. Poden descargarse e decidir se se mostran ao resto de usuarios. Ademais, poden enviarse a un almacén externo ou mostrar no perfil insignias conseguidas fóra desta contorna.
  - *Preferencias de insignias.* Presenta as opcións de privacidade das insignias obtidas.
  - *Configuración da mochila.* A mochila é un almacén externo de insignias. Establecendo unha conexión con ela é posible importar e exportar.

Conexión á mochila externa